

LINGUA E LITERATURA GALEGA 3ºESO

OBXECTIVOS

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais cunha fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara á dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais planificadas con axuda das TIC.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
13. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias.
16. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
17. Identificar os conectores e outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos.
18. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
19. Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
20. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
21. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
22. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuízos.
23. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

24. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
25. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
26. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
27. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
28. Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
29. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados en clase.

CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

Escoitar

- Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.
- Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito académico (presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas).
- Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.

Falar

- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

Ler

- Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos.
- Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).
- Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.
- Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.
- Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.

Escribir

- Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, intervencións en foros.
- Producción, en soporte papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Producción, en soporte papel ou dixital, de textos expositivos do ámbito académico a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.
- Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
- Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.
- Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.
- Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).
- A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.
- Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.
- Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos

- con emprego dunha terminoloxía axeitada.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.
 - Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos atendendo a estes valores.
 - Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.
 - Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
 - Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.
- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- A lusofonía.
- Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula, barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.
- O proceso de normalización, desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- Etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
- Os prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

Bloque 5. Educación literaria

- Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
- Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

- Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.
- Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.
- Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.
- (Re)creación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprender a intención comunicativa implícita, o tema, a idea principal e as secundarias de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. Así mesmo, ser quen de seguir e recoller resumidamente o desenvolvemento oral dunha exposición académica.
- Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos escritos do ámbito público e dos medios de comunicación, así como da vida académica, analizando criticamente os seus contidos, interpretando as connotacións e mensaxes implícitas que deles se deduzan e inferindo o tema principal e os secundarios. Comprender e seguir as instrucións que regulan a vida social e os procesos de aprendizaxe complexos.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade contrastando os diferentes puntos de vista e opinións expresadas en distintos medios audiovisuais. Participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico, usando con progresiva seguridade os modelos propostos na aula.
- Planificar e revisar os mencionados textos de maneira case autónoma para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- Consultar de maneira case autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar e analizar criticamente a información relevante para integrala nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega anterior ao século XX; extraer os trazos

principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

- Recoñecer as causas da diversidade lingüística e dos procesos sociolingüísticos, coñecer e facer uso dos dereitos nesta materia.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando a estrutura, os puntos de vista e o emprego da linguaxe.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, á evolución dos xéneros, formas e estilos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos a empregar; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

ESTÁNDARES MÍNIMOS EXIXIBLES

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

- Comprende o sentido global dunha noticia.
- Traslada a información relevante dun texto oral a esquemas e resumos.
- Diferencia as ideas principais e secundarias en textos informativos orais.
- Distingue distintos enfoques nas informacións.
- Rexeita usos lingüísticos discriminatorios en textos informativos orais.
- Participa en debates respectando a quenda de intervencións e coida a dicción.
- Prepara un esquema da exposición.
- Participa fluidamente e o seu vocabulario é preciso.
- Recoñece e corrixe os seus propios erros.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Subliña as ideas relevantes nun texto e realiza un esquema.
- Interpreta textos administrativos.
- Distingue información/opinión na entrevista, na crónica e na reportaxe.
- Delimita as ideas principais e secundarias nos textos expositivos e explicativos.
- Busca e selecciona información na biblioteca e en internet.
- Comenta un texto e rexeita posibles discriminacións lingüísticas.
- Redacta textos administrativos.
- Redacta textos expositivos e explicativos .
- Sabe presentar os traballos e redaccións seguindo as normas básicas (organización, índice, páxinas...)
- Redacta textos coherentes e cohesionados.

- Coñece e utiliza as TICs para a organización da actividade académica.

Bloque 3. *Funcionamento da lingua*

- Utiliza o léxico e a fraseoloxía adecuados en contextos formais.
- Usa correctamente, en textos orais e escritos, as distintas categorías gramaticais.
- É quen de ampliar o seu vocabulario coa creación de palabras novas.
- Coñece a existencia de sete fonemas vocálicos.
- Distingue significados polo timbre vocálico aberto/pechado.
- Utiliza o dicionario e utiliza as palabras novas.
- Respecta as normas gramaticais nos textos.
- Revisa os textos para puntuar correctamente.
- Redacta textos coherentes e cohesionados.
- Elabora textos cuns contidos ordenados xerarquicamente.
- Recoñece a complementación entre as linguas.

Bloque 4. *Lingua e sociedade*

- Distingue entre bilingüismo e diglosia.
- Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.
- Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.
- Recoñece os aspectos fundamentais da lingua dende os seus inicios ata 1916: orixes, situación social da lingua e causas desa situación social, e consecuencias deses feitos.
- Detecta e analiza prexuízos cara ao idioma.
- Coñece as variedades diastráticas da lingua.
- Valora positivamente a variedade sintópica da súa zona e utilízaa.

Bloque 5. *Educación literaria*

- Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.
- Comenta textos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
- Realiza traballos nos que utiliza e cita adecuadamente diversas fontes de información básicas, en papel e a través das TIC.
- Aмосa interese por elaborar un texto de intención literaria.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación dos alumnos pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos estipulados por lei que se concretan nos contidos e estándares de aprendizaxe, e máis no grao de adquisición das competencias clave.

- Polas probas escritas e/ou orais realizadas ao longo do trimestre poderán obter un máximo de 7 puntos (70%). É imprescindible acadar 3.5 puntos sobre dez en cada proba para sumar os demais e poder aprobar a avaliación (farase media entre elas). Os contidos ortográficos, léxicos e gramaticais teñen carácter de continuidade, polo que será materia de avaliación constante ao longo do curso.

Queremos facer constar que a asistencia ás probas escritas e orais é obrigatoria. O alumno que non asista entregará ao profesor un xustificante de asistencia ao médico na menor brevidade posible. A xustificación será aceptada se se trata dunha cita hospitalaria ou dunha enfermidade leve. No caso de revisións non necesarias en horario escolar, ou de entrega dun simple xustificante do pai/nai ou titor legal, o profesor decidirá se realizarlle outro día a proba ou non, acolléndose a que só é obrigatoria unha proba por avaliación.

- A avaliación da oralidade realizarase mediante a observación por parte da profesora e/ou mediante unha proba oral. Esta parte constituirá un 10% da nota de cada trimestre, polo que aqueles alumnos que non usen o galego ou non se desenvolvan correctamente na lingua galega poderáselles baixar a nota global de avaliación: 1 punto.

- As lecturas de cada trimestre e as actividades relacionadas con elas achegaranlle á nota un máximo de 1 punto.

- O 10% restante para acadar o 10 será polo traballo na aula e na casa e pola participación axeitada e oportuna no desenvolvemento das clases.

Puntualizacións importantes:

- Cada negativo que reciba o alumno baixará 0,25 na nota da avaliación ata un máximo de 1 punto. Para recuperar o negativo serán necesarios dous positivos. O profesor daralle a oportunidade de conseguir positivos para que poidan restar os negativos.

- Copiar traballos ou exames implica unha nota de 0 nese traballo ou exame.

- Na corrección de exames, redaccións e traballos puntuables, por cada erro de ortografía e expresión baixarase 0,05 por faltas leves e 0,10 por faltas graves. Poderase baixar ata un máximo de 1,5 puntos.

- Os traballos ou exames ilexibles deberán ser modificados. Para poder corrixir isto o profesor reforzará a caligrafía do alumno durante o curso; se ao final non hai unha evolución positiva este poderá suspender a materia.

- A realización de lecturas optativas poderá subir a nota do trimestre ata 1 punto (0,5 por cada obra lida) a aqueles alumnos-as que teñan un mínimo de 5 na avaliación. Para demostrar a lectura destas obras, pactadas previamente co profesor, farase unha proba oral e, se fose necesario, un traballo escrito a maiores.

- NOTA: A profesora do curso e grupo correspondente poderá modificar e adaptar estes criterios segundo sexan as características do grupo e /ou dalgún alumno en particular. Comunicarallo ao grupo con suficiente antelación.

IMPORTANTE: Os-as alumnos-as que teñan algún trimestre anterior suspenso poderán recuperalo mediante unha proba que só se realizará unha vez; será nunha data consensuada por todos (no caso de imposibilidade de acordo, decidirá a profesora) . De non superala deberá examinarse de toda a materia en setembro, igual có alumnado que teña dúas ou máis avaliacións suspensas.

PARA OS CATRO CURSOS DA ESO: insistimos en que a cualificación de 5 é o aprobado. Tamén que o “redondeo” nunha cualificación que corresponda co aprobado decidiráa o-a profesor-a cando os decimais da cualificación sexan iguais ou superiores a 0,7.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A lei sinala que “a avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave”. A avaliación da nosa materia terá en conta esta e todas as demais directrices desta orde, polo que adoptaremos como puntos de partida básicos para a avaliación os seguintes:

- A avaliación será **continua** e **formativa**. Continua non quere dicir en ningún caso que terá en conta só os resultados finais, senón que, tendo en conta a situación de partida de cadaquén, valoraranse continuamente todos os aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe. Cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado estableceranse medidas dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

-A avaliación será **integradora**, terase en conta desde todas as materias para a consecución das competencias clave. A avaliación integradora, entendida xa dende a nosa materia, será a suma resultante de contidos, atención e traballo na

casa e na aula. Concederáselle un interese especial á avaliación das actitudes en canto ás disposicións psicosociais dos escolares sobre o idioma (actitudes afectivo-positivas ou afectivo-negativas, prexuizos...); para esta cuestión debemos partir da realidade sociolingüística do noso contorno escolar.

- Favoreceremos os procesos de auto e coavaliación.

Partiremos da realización dunha **avaliación inicial** antes de principiar cada unidade do libro do alumno: o profesor expoñerá ao alumnado que contidos e que estándares avaliábelos se van desenvolver e os alumnos relatarán os que xa saben. A partir da información recollida, o profesor seleccionará aqueles contidos e estándares máis axeitados ás realidades dos escolares e planificará as actividades que lles permitan progresar desde a situación de partida.

Os usos dos distintos **instrumentos de avaliación** estarán moi ligados aos estándares de aprendizaxe que esteamos avaliando; deste xeito, para a avaliación de cada alumno utilizaremos os seguintes instrumentos:

- Ao longo de cada trimestre, realizaranse unha ou dúas probas escritas que incluírán contidos de lingua e literatura, combinados na mesma proba ou por separado. Obrigatoria será unha, pero poden realizarse máis de dúas se o profesor-a considera que é necesario pola cantidade de contidos para examinar.
- Para valorar a competencia oral, utilizarase a observación na aula de intervencións orais; ademais poderase encomendar a realización de pequenas exposicións orais sobre distintos temas relacionados coa materia.
- Cada trimestre avaliaranse as lecturas encomendadas mediante unha ficha de lectura, un exame ou unha proba que estime o profesor-a, que os alumnos deberán entregar nunha data concreta ou mediante unha proba oral ou escrita.
- Periodicamente recolleráselle ao alumnado textos escritos de creación propia e de distinto tipo: narracións, poemas, exposicións, argumentacións, pequenas pezas teatrais....Estes textos deberán ser entregados nos prazos fixados, podendo chegar a acadar unha cualificación negativa de non seren respectados os prazos. Seranlles devoltos coa cualificación que se lle outorga e coas observacións para que as revisen se fose necesario.
- Finalmente, teremos en conta aspectos como o traballo na casa e na aula e o traballo en grupo. O profesor-a botará man da observación sistemática e do rexistro continuo de datos no seu caderno.